

29 DE MARZO: TODOS Á FOLGA XERAL!

Basta de ataques á clase obreira e á mocidade!



Non máis recortes no ensino público, non máis represión, non á reforma laboral

Desde que comezou a crise económica, os ataques contra a mocidade e os traballadores non deixan de sucederse. Así, e entre outros moitos recortes, en 2010 vimos como se conxelaban as pensións e recortábase un 5% o soldo ós traballadores públicos, en 2011 como se aumentaba a idade de xubilación até os 67 anos, e agora o PP pretende aprobar unha nova reforma laboral que na práctica suporá o despedimento libre e gratuito, acabando cos dereitos laborais arrincados na loita contra a ditadura franquista. Con esta reforma, entre outras cousas, o empresario poderá baixa-los soldos unilateralmente, descolgarse dos convenios colectivos cando lle pete ou despedir traballadores que leven décadas na empresa, cunha indemnización de 20 días por ano traballado e un tope de 12 mensualidades. Ademais, a reforma abre a porta ós despedimentos gratuítos e procedentes cando haxa un descenso nos ingresos das empresas (o que non significa necesariamente que teñan perdas), ou cando un traballador estea de baixa por enfermidade máis de 9 días ó mes.

que ó finalizar non dá dereito a ningunha indemnización. A xeneralización dos despedimentos, a precariedade laboral e os salarios miserables están garantidos con esta reforma laboral do PP.

RECORTES PARA A MAIORÍA, MILLÓNS PARA UNHA MINORÍA

Mentres as condicións de vida de millóns de persoas en todo o Estado sofren un retroceso histórico, as grandes empresas, os fondos de investimento, os especuladores e os grandes banqueiros non pararon de incrementa-las súas contas de beneficios, chegando moitas delas a rexistrar cifras record á vez que a crise económica e os ataques ós máis desprotexidos se xeneralizan. Un exemplo representativo é Emilio Botín, presidente do banco Santander, que en 2011 percibiu un salario de 4,5 millóns de euros; ou o presidente de Iberdrola, Ignacio Sánchez Galán, que se embolsou 7,3 millóns de euros de salario e accións durante o primeiro semestre do mesmo ano. Pero se estas cifras son escandalosas á luz dos recortes brutais que soportamos as familias traballadoras, dos cinco millóns de parados actuais, dos continuos desafiuzamentos, non o é menos saber que unha das primeiras medidas que adoptou o consello de ministros do PP, o 30 de decembro de 2011, foi poñer a disposición da banca 100.000 millóns de euros do orzamento público.

Esta reforma, que introduce a escravitude laboral, ataca especialmente á mocidade, cuxa taxa de paro rolda o 50%, ó aprobar un novo contrato cun ano de proba



Sindicato de Estudiantes

A MOCIDADE E OS TRABALLADORES QUEREMOS LOITAR EN DEFENSA DOS NOSOS DEREITOS

As conquistas sociais están sendo desmanteladas directamente día tras día. Ante esta situación, a resposta non se fixo esperar: a importantísima participación na folga xeral do 29 de setembro de 2010, as masivas manifestacións do 15-M, as impresionantes mobilizacións e folgas en defensa do ensino pública en Madrid, Galiza, Navarra ou Castilla-La Mancha, as numerosas mobilizacións en Cataluña contra os recortes na sanidade pública, ou as que centos de miles de mozos protagonizámo-lo pasado 29 de febreiro en todo o Estado contra a brutal represión policial sufrida polos nosos compañeiros de Valencia.

A disposición á loita da mocidade e a clase obreira está fóra de dúbida. É a mesma vontade que se está manifestando en Portugal, Gran Bretaña, Francia... e, sobre todo, en Grecia, onde os traballadores e a mocidade puxeron en xaque as medidas draconianas aprobadas polo gran capital internacional, que están a provocar unha catástrofe social.

Todas estas experiencias deixan claro que é o momento de unificar, impulsar e estende-la protesta facendo confluír a todos os sectores afectados, levantando un programa alternativo a todas estas medidas de austeridade e recortes que se ceban coas familias traballadoras:

- Non á reforma laboral. Non ó despedimento gratuíto.
- Basta de recortes sociais. En defensa do ensino, a sanidade e os servizos sociais públicos.
- Basta de entregar diñeiro público á banca. Que a crise a paguen os seus responsables! Nacionalización da banca baixo o control democrático dos traballadores e as súas organizacións.
- Plan de choque contra o paro. Aumento drástico do investimento público en hospitais, centros de estudo, vivenda e equipamentos sociais.
- Basta de subvencións públicas ó ensino privado. Contra a elitización e privatización do ensino secundario, a FP e a Universidade.
- Contra a fraude e a evasión fiscal. Incremento drástico dos impostos ás grandes fortunas e incautación do patrimonio dos capitalistas que defraudan.

TODOS Á FOLGA XERAL O 29 DE MARZO!

O goberno do PP quere dar unha imaxe de fortaleza, xa que son conscientes de que o resultado electoral que lles

deu o poder non é un reflexo do apoio social co que contan, senón que é froito dun desastre sen precedentes do PSOE por aplicar unha política nefasta contra os intereses dos traballadores desde o comezo da crise.

Fronte ós ataques e recortes contra os nosos dereitos, a folga xeral do 29 de marzo convocada por CCOO, UGT e CIG é un importante paso adiante. Desde o Sindicato de Estudiantes interviremos con todas as nosas forzas para logralo seu éxito nos centros de estudo públicos de todo o Estado e sumando as reivindicacións da mocidade ó rexeitamento da reforma laboral. No proceso que se inicia coa folga xeral do 29 de marzo, hai que esixir a retirada da reforma laboral, o cesamento inmediato nos recortes sociais, en sanidade e educación, e un plan de choque de investimento no ensino público de polo menos 2.000 millóns de euros, para garanti-lo persoal e os recursos para que os centros funcionen. Só así conseguiremos un ensino público, de calidade, laico e democrático.

A aprobación da reforma laboral demostra que a política de pactos sociais e concesións á patronal só serve para envalentonar á dereita e ós empresarios mentres retrocedemos nos nosos dereitos. Por iso, o único camiño é basearse na forza do movemento obreiro e a mocidade. Desde o Sindicato de Estudiantes pensamos que é moi importante que os dirixentes sindicais expoñan un plan de loita amplo, onde a nosa primeira acción sexa a folga do 29 de marzo, pero no que contemplemos que, se Rajoy non dá marcha atrás de forma inmediata nas súas pretensións, se incremente a presión coa convocatoria de novas folgas xerais e accións unificadas en todo o Estado.

Para que a folga xeral do 29 de marzo sexa un éxito, é máis necesario ca nunca fomenta-la participación da mocidade e os traballadores na convocatoria. É fundamental organizar asembleas conxuntas de profesores, pais, estudantes e persoal non docente en todos os centros de estudo, ó igual que en todas as empresas e barrios, para aprobar accións que impliquen ó conxunto da poboación na xornada do 29. É necesario impulsa-la participación consciente e democrática, organizar comités de folga en todos os lugares e realizar propaganda masiva para asegurar que ese día todo o Estado español queda paralizado. Deste xeito estaremos nas mellores condicións para derrota-los plans da dereita e defende-las nosas conquistas e o noso futuro.

Todo o mundo á folga xeral o 29 de marzo!

Todo o mundo ás manifestacións!

Organiza comités de folga no teu centro de estudos!

Únete ó Sindicato de Estudiantes!

www.sindicatodeestudiantes.net

Coruña: 656 457 257 • Compostela: 679 500 266 • Ferrol: 678 420 888 • Lugo: 615 631 072 • Vigo: 630 431 613
Galiza: Rúa Casas Reais 8, 1er piso, Compostela - Tlf: 981 563 100 ext. 12867 / 636 217 248
galiza / acorunha / santiago / vigo @sindicatodeestudiantes.net